

Pregón 2014

Xa saben que anda o mundo revolto. A estas horas nós estamos entre fornos e cociñas, pitos e cabritos, roscóns e brazos de xitano. Pero por aí fora a xente anda cabreada. Hai certa razón na cousa porque, ao fin e ao cabo, para que nos imos a enganar, estannos metendo un cravo de aupa. O puro que teremos que pagar entre todos é fenomenal, dos que marcan época. Un puro dos caros, dos que lle gustan a meu irmán Alfonso: un Cohiba, un Montecristo, un Partagas, un Vega Robaina. A estafa é de tal calibre que parece natural reaccionar.

En fin, non só hoxe, no transcurso da historia sempre se cocen fabas. Por iso hai que exercer a crítica. Mesmo para que quen exerce o poder non tolee. Os que mandan, poden e manexan sempre tenden a subirse á peaña.

Que llo conten senón a López Mateos, que foi Presidente de México seis anos e que contou así a súa experiencia. "Durante o primeiro ano de Presidencia trátante como a Deus e ti apártalos con desprezo; no segundo trátante coma Deus e non lles fas caso; no terceiro trátante coma Deus e toléralos con incredulidade; no cuarto trátante coma Deus e comezas a tomalo en serio; no quinto ano trátante coma Deus e non só o cres: es Deus".

Disentir, diferir, discrepar, discutir é algo, por tanto, bo. Agora estamos onde estamos porque nos anos noventa e comezos dos 2000 "hubo un momento en el que España estuvo a punto de volverse tonta" que dixo Galdós noutras circunstancias. A España pasoulle o mesmiño que ao fillo do Calixto. Contábame meu pai que o vello Calixto fixera o diñeiro en Cuba, e que o fillo, por tanto, chegou ao mundo con cartos no peto sen ter a necesidade de mover un dedo nunca. O Calisto fillo estaba afeitándose diante do espello, coma se fora o Narciso das narracións clásicas, e dicía, cheo de satisfacción "Calisto es guapo, Calisto es listo, Calisto es rico ¿ qué le falta a Calisto ?. Ao que o vello, que o estaba mirando dende atrás, retrucou dende o fondo da habitación "¡ Xuízo, meu fillo, xuízo ¡".

Así que é importante que haxa voces no deserto cando todo o mundo tolea. É bo para os gobernados e bo para os gobernantes. Esas voces son as que avisan do desastre. Ao poder, señoras e señores, hai que darlle caña, introducirlle límites, contrapesos, freos que eviten a arbitrariedade. Iso é a democracia, un sistema no que calquera que mande, manda dentro duns límites, sen pasarse.

Tamén a min, por certo, me criticaron na Librería Segrel algúns amigos de toda a vida por estar hoxe aquí e non pasa nada. Grazas, por certo, a Aurorita Nieto por defenderme. Por iso non nos imos querer menos. Por certo que a Librería Segrel cumpre a mesma función que as barberías de antes, como a do Severino, na que se reunían o Salvador da Pequena, ou o Cernadas. As tertulias, nas que se pasa revista a todo o divino e humano, é unha tradición que non hai que perder.

Pois ben: eu aprendín a discutir o poder non no Paseo de Grácia en Barcelona, nin na Gran Vía madrileña, nin tan sequera nas aulas da Universidade de Santiago. Onde eu aprendín a dialogar e a diferir, onde se asentou o meu amor pola liberdade non foi noutro sitio senón aquí, en Vilalba. Ás veces a xente supón que a Historia sucede só nas grandes cidades, nas que se congregan manifestacións de ducias ou centos de miles de persoas. É mentira.

Eu aprendín a dialogar, a diferir e a discutir entre o grupo que formaban miñas irmás, o meu tío Xosé Luís, que foi un dos seres máis peculiares que coñecín na miña vida -e xa levo coñecido algúns-, e tamén o Lito, o Mandi, o Castro Vilar, o Lis, o Agustín Fernández Paz, o Fernando da Barrosa e todos aqueles que, sendo da xeración anterior á miña, formaban parte dunha especie de 68 local, cos seus cabelos longos, que tan pouco lle gustaban á miña madriña Perpetua. A Perpetua pensaba que aquelas melenas daqueles melenudos eran un niño de piollos. Eran preceptivas no tempo, tamén, as mini saias, despois de que a deseñadora Mary Quant as puxera de moda en Londres.

Aquela xeración foi a que me adestrou en discutir aos que mandaban, nun tempo en que Franco andaba aínda por aí. Era xente que lía Triunfo, escoitaba a Serrat e a Lluís Llach, ao Raimon do "Digamos non" e ao Paco Ibañez. Naturalmente tamén a Voces Ceibes, ao Miro Casabella, ao Xoan Rubia e etcétera. Falaban, grazas ao Quintela, no Venecia, que foi o modo en que chegou a moda sesenteira das boîtes a Vilalba, e, se era o caso, facíano no Tamanaco, ou tomando os calamares do Bar Fornos ou as croquetas do Bar Roca. Ambas as dúas, por certo, son especialidades que compiten na miña memoria por ocupar o lugar das famosas madalenas de Proust.

Discutir, no bo senso da palabra, facíamolo todo o día. Outra das ágoras privilexiadas era, no verán, a Alameda. Alí recordo as conversas interminables con xentes doutra idade, máis cerca da miña. Co Pepe do Mixen, o Héctor, o Mini, o Manolo Roca, o Sesé, o Cachaza, o Revés, o Insua, meu irmán Xan e tantos outros. Tamén no propio bar Roca co Pepe Chao ou co Bernardo Cendán, os dous cregos progresistas que tiñamos á man.

Falabamos de todo. Como aínda non sabíamos quen eramos, nin que pensabamos, nin o que íamos ser na vida, estábamos ávidos, como o está sempre a rapazada inqueda en todas as partes do mundo.

Falabamos da Populorum Progressio, a encíclica de Pablo VI que acababa de ser aprobada e que en España, na España do franquismo, soaba case subversiva. Ou da Pacem in Terris, outra encíclica un pouquiño anterior, de Xoán XXIII, que lle pasaba o mesmo. Pero tamén intentabamos saber, porque todo o ignorabamos, cales eran as diferenzas entre o anarquismo e o comunismo, e os lazos entre o socialismo e a democracia e que clase de cousa eran o galeguismo e o nacionalismo. No San Ramón, por certo, comezaron a poñerse estantes de libros en galego na rúa. Iso tamén formaba parte do olor da liberdade.

Falando e falando, fómonos metendo, os uns e os outros, en organizacións diversas, nacionalistas e de oposición ao franquismo. Foron os tempos do Instituto. Como os tempos eran os que eran, para militar tiñas que facer pouco menos que unhas oposicións. Había que estudarse "O atraso económico de Galicia", "A Galicia rural na encrucillada" e un lote de libros máis. Moitas veces xuntabámonos na casa do Revés, o Carlos Gómez Osa, ou na miña, para discutir sobre eles.

Os nosos pais, por certo, debían ter unha paciencia máis grande que a de Xob, tolerando aquel ir e vir de rapaces, coa súa troula. A saber que pensaban de nós. Retrospectivamente a un se lle ocorre pensar que é admirable que non tivesen medo. Si. Os tempos estaban cambiando. Nesas reunións andaban, ademais do Revés ou o Cachaza, María Xesús Gayoso, o Bernardo

Requeixo, o Ramiro Cendán, Pepe Fernández o Manguera, o Felpeto, o Veloso, o Arturo Gómez Mato, e tamén o Arturito Currás e supoño que o Dorado -aos últimos, que xa non están entre nós, quero lembralos hoxe con agarimo-. Había outros, máis novos, que despois comezaron a moverse, o Moncho Paz, o Pablo Naseiro...

Estou falando de comezos e mediados dos setenta, cando eu e todos os demais dos que falo, eramos case nenos ou nenos sen case. Pero, sen embargo, aí estábamos intentando aprender. Eramos, afortunadamente, uns inocentes, como hai que ser cando un é novo. A aprendizaxe da decepción, iso que, segundo din, é a verdadeira marca da madurez, chegaría máis tarde.

Pero non foi só a discrepar o que eu aprendín en Vilalba. Aprendín máis cousas, non seguindo a corrente central, a máis poderosa, pero si seguindo outras pólas menos garridas e vizosas, pero que a min me parecían máis fermosas. Os bidueiros e regatos da Terra Chá non solen ser de grandes dimensións, pero son encantadores no seu impresionismo.

Aprendín, así mo parece, sobre todo, dúas cousas que me impresionan. Unha, o sentido do horizonte. A Terra Chá é a visión da distancia, a luz que abre o mundo en profundidade.

A segunda, o que son as encrucilladas.

Vilalba está entre Lugo e Ferrol, entre A Coruña e Bilbao, entre Ribadeo e Vigo. As encrucilladas son unha dúbida acerca de que camiño tomar, un xogo de palabras acerca do sentido último, unha decisión existencial e comprometida. As encrucilladas implican un xogo, un risco, unha decisión. Non hai nada último nas encrucilladas. Nas encrucilladas un sempre está de paso.

Isto aprendino aquí, case sen saber que o aprendía.

Quen son foi feito aquí. Entre comerciantes e paisanos, entre funcionarios e traballadores, todos coas súas virtudes e defectos. No medio deles, no medio de vós, eu aprendín os trazos eternos da comedia humana, as historias miúdas e os contos da xente. O concello de Vilalba tiña sobre os vinte mil habitantes en 1960, o de Lugo sobre sesenta mil: non era tan cativo o sitio. Pasaban cousas. Había rebumbio. Os días de feira e os de feirón viñan os autobuses cheos de xentes de Boizán, de Codesido, de Corvelle, de Distriz, de Samarugo, de Oleiros, de Vilapedre, de Lanzós, de San Xurxo de Rioaveso...

As rúas estaban cheas de xente, aínda había cegos que vendían as súas copras que contaban sucesos truculentos.

Cando es un neno todo che parece marabilloso, posiblemente porque o é.

Aprendín, sobre todo, na librería da miña tía Carmiña. Cando neno ía sempre despois do xantar a ler alí os tebeos. Alí comecei a fundar unha cultura: lendo as historias do Doutor Franz de Copenhague, dos Zipi e Zape e da familia Ulises. Aínda vivía a miña avoa Irene que, despois de merendar pan con queixo, mandábame a comprar unha cocada ao comercio do Mario Paz, onde paraban daquela os autobuses da empresa Ribadeo.

Na librería da miña tía teño pasado moitas tardes embobado, metendo e sacando libros dos estantes. Había pequenas xoias porque alí era posible atopar os libros do día, coma libros publicados vinte anos atrás, que non atoparías noutro sitio. Por suposto, tiña moitos libros en galego.

Aquel tamén era un mundo de amigos. Discretos e silenciosos, pero amigos.

Os tempos eran tan peculiares, tan raros vistos dende hoxe -ou é que eu era raro- que o Pedro López Novo e máis eu concibimos a tola idea de ler toda a Historia da Filosofía comezando polos presocráticos. A miña tía ía encargando os libros de Heráclito ou de Parménides e alí estábamos nós para facernos con eles. Como é natural, desistimos pasado un tempo prudencial.

A librería da Ponte fora a casa familiar. Na casa que habitaban as miñas tías era posible atopar no faiado exemplares de A Nosa Terra dos anos vinte e tamén grande número dese tipo de folletíns que a prensa de Madrid do momento editaba. As señoritas de provincias lían tales textos con devoción, intentando respirar o aire de espazos máis vastos. Recordo, xa adolescente, ter nas miñas mans unhas pardas e desfeitas follas de La dama de las camelias nese formato fasciculado.

Nesa mesma casa vivira Antón García Hermida, o meu avó. Este ano cúmprense cen desde que fundara Azul y Blanco, unha revista, de liña galeguista, que se conta entre as que fundou. Antes o fixera co Ideal Villalbés e máis tarde co Heraldo de Villalba. Tamén colaborou na Ilustración Gallega, revista que se publicaba en Vigo, e noutros xornais do momento.

Todos vós sabedes que Vilalba tivo, no primeiro terzo do século XX, unha chea de publicacións que mostraban o vigor da vida local. As que fixo o García Hermida foron só unha mostra desa vitalidade. Pero non só estaban os xornais. Tamén había as bandas de música, a dos Longos e a dos Matos. Cando eu era un neno aínda estaban os instrumentos da banda dos Matos na casa da miña madriña Perpetua.

Precisamente, unha das sorpresas da miña infancia foi escoitar a miña madriña Perpetua falando de meu avó Antón García Hermida, case coma se estivera presente. Para min, naturalmente, referirse ao meu avó era como falar do pleistoceno, dado que morrera vinte anos antes de que eu nacera, o que, visto polos ollos dun neno de oito ou nove anos é pouco menos que unha inmensidade. Pero ela, Perpetua, chamáballe Antoñito. O diminutivo encerraba todo un sentimento. Son cousas que un percibe vagamente, como polo rabiño do ollo, e nas que só repara cando, talvez despois de moitos anos, da en pensar sobre aquela anécdota que, por algún motivo, se lle quedara gravada tan vivamente.

Aquel Antón García Hermida era un publicista, un animador da vida local, alguén empeñado en que, no nivel en que iso era posible naquel momento e naquel lugar, Vilalba tivera unha vida cultural. Foi unha paixón que cultivou con esmero e que fixo que, unha e outra vez, estivera detrás das publicacións que ían saíndo. Dende logo, era o continuador dunha saga e, se queren, dunha certa tradición. En Vilalba xa no século XIX Chao Ledo e Manuel Mato Vizoso demostraran que había algo que se movía, unha ansia, un desexo de cultura e civilización.

Pero falar de meu avó é, para min, falar da miña mai. Ela nacera en 1918, e tiña, polo tanto, memoria da Ditadura de Primo de Rivera e da República. Era unha persoa dun humor lacónico, no estilo da familia ou, tal vez, do que corresponde á mentalidade agraria da Terra Chá. O seu pai, o Antón Da Ponte, fora, ao parecer, un dos fundadores do casino local, pero lles denegaba ás fillas iren aos bailes que nel se celebraban. "Quería conservarnos en formol", comentaba ela con causticidade. El, ao fin e ao cabo, era un comerciante católico e conservador.

Tamén nesa época, anterior á guerra civil, era frecuente a realización de "veladas", que era como denominaban a breves representacións nas que era común a declamación de poemas ou o poñer en obra breves escenas tanto dos clásicos coma de autores locais. Tiñan lugar, normalmente, no que foi o Teatro Vilalbés. Recordo que miña mai dicíame que nunha delas o seu papel era o de España, que era como unha raíña á que as distintas rexións -"o que agora chaman comunidades autónomas", díxome- facían a súa respectiva homenaxe. Unha desas rexións, por certo, era Manuel Fraga, un cativo naquel momento.

En todo caso o Antón García Hermida, aquel comerciante, fora secretario das Irmandades da Fala en Vilalba no ano 1916, cando se fundaron en Galicia. A iniciativa tivéraa Lois Peña Novo, unha das personaxes máis importantes de Galicia nos anos vinte e trinta, tan ben estudado por Manolo Roca, e Santiago Mato Vizoso era o presidente. Santiago Mato, por certo, foi un dos dirixentes das irmandades máis constante en Galicia. O grupo estaba formado por 22 persoas, das que catro eran propietarios, unha un indiano/banqueiro, Manuel García Olano, seis comerciantes, entre os cales Santiago Mato, un farmacéutico, un médico, Plácido Peña, catro avogados e tres estudantes universitarios.

As Irmandades da Fala marcaron un antes e un despois en Galicia. Hai case un século desde entón. Aqueles homes querían unha Galicia dona de si, pero, sobre todo, orgullosa do que era e do que sería no futuro, ao que querían axudar a nacer.

A miña xeración tivo uns soños, a xeración do meu avó outros, que tal vez non eran tan distintos no fondo. Aos rapaces de hoxe correspóndelle tomar a testemuña e seguir a carreira, se o queren seguir facendo. A vida é así.

Do García Hermida editou un libro o seu fillo Xosé Luís, Charetas, prologado polo Manuel María, de onde saco estes versos sinxelos dedicados ás festas de San Ramón

*Nas festas de San Ramón,
nestas festas tan sonadas,
á sombra do teu castelo
rí ti tamén, miña vila,
rí con forza, rí con gañas,
ó son das campás lixeiras,
ó son da galega gaita,
nas festas de San Ramón
nestas festas
tan sonadas*

E así é. Haberá paro, crise e corrupción. Haberá a biblia en verso, xa se sabe que como dicía José María Carulla, "Nuestro señor Jesucristo/ nació en un pesebre / dónde menos se espera, / salta la liebre ¡". Pero nestes días que non falte a alegría nin a risa. Estamos de festa e hai que divertirse.

Hai un crítico de arte londinense, tal vez o máis importante hoxe no mundo, John Berger, que baixaba todos os veráns a Betanzos. Nunha ocasión escribiu un artigo no que lembraba dúas comidas memorables. Unha no famoso restaurante Maxim's de París e outra na feira de Betanzos.

Non sei se é unha lenda urbana, pero lembro que alguén me contou que o desaparecido Castro Vilar levava a súa mai a París, vestida cos refaixos típicos do país naquel tempo, e que a invitara a comer no famoso restaurante, no que non se pode entrar sen garabata. Entrou o Castro Vilar, segundo narra a historia, ou tal vez o mito, elegante co seu traxe novo, pero con zapatillas dentro das chancas, como adoitaba andar por aquí. Tal vez os camareiros pensaron que se trataba dun fabuloso millonario armenio de usos excéntricos.

En Vilalba, afortunadamente, sempre houbo ese pequeno número de seres curiosos e excéntricos, de paveros, que nos axudan a darlle sol, luz e calor ao día.

En fin, que queren que lles diga, no San Ramón, é fácil atopar o secreto das comidas memorables, nas que homes e mulleres, nenos e maiores, notarios e labradores, médicos e zapateiros, policía e ladróns gozan da súa vitoria e do seu trunfo ante un pito, un cabrito, un salpicón, un roscón, un brazo de xitano, ou, se é na xira, unha ración de polbo.

O secreto radica en estar xuntos. Estamos no San Ramón. Pasou outro ano, acábase o verán - xa logo virá a Guadalupe que pon o ramo ao ciclo- pero todos viñemos, todos seguemos aquí, todos sentimos a felicidade de estar na nosa terra.

Moitas grazas.

Baamonde, Antón